

Eu, José Lorenzo Alonso Gómez, con DNI 36124871J e contratado Ramón y Cajal (RYC-2012-10364) con finalización de contrato a 12/01/2020 e exercendo as miñas funcións dentro do Departamento de Químico Orgánica da Universidade de Vigo.

expoño que:

o pasado setembro solicitei traballo remoto ata o 3 de xaneiro do 2017 e que se me foi concedido. A continuación infórmase das tarefas realizadas no período agosto-décembro 2016 e das tarefas planificadas para o período decembro 2016 - abril 2017:

- **Proxectos de Excelencia Xunta de Galicia 2016.** Coordinación e preparación da memoria do proxecto con incorporación dunha nova liña de investigación en colaboración con Sandra Bolaño García do Departamento de Química Inorgánica da nosa Universidade. Presentado á Xunta de Galicia. A axuda foi concedida (ED431F 2016/005) para o período 2016-2019 con unha cuantía de 90.000 €. Realizouse a execución científica (síntese de derivados espiránicos para a funcionalización de superficies) e económica (aprovisionamento de reactivos e funxible precisos para os próximos 12 meses) da primeira anualidade. Realizouse contratación de unha estudante de doutorado para o ano 2017. Realizouse e entregouse á Xunta de Galicia o informe inicial. **Planificación XII/2016-IV/2017:** Execución científico administrativa da segunda anualidade co iniciación das liñas de investigación UCAS con SBFs e COHCs con SBFs, así como deseño de SBF organometálicos e eixos quirais organometálicos.
- **Proxectos Explora Ciencia.** Executouse administrativamente o peche do proxecto. Coordinouse cientificamente o remate do proxecto, para o que se coordinou unha colaboración con TU Munich para o estudo de SHG das superficies funcionalizadas creadas na UVigo en colaboración co Departamento de Física Aplicada da nosa Universidade. Ademais, en colaboración coa UC de Madrid se realizou un estudo de funcionalización de NPs de ouro, que será finalizado nunha estada de AO (estudante de doutorado do solicitante) na UCM antes de Nadal. **Planificación XII/2016-IV/2017:** Pendente de realizar o informe final, á espera da apertura do período de entrega. Remate científico do proxecto e plantexamento dos artigos relacionados para a súa publicación.
- **Proxecto Retos:** Redacción e entrega do informe intermedio. Xestión económica. Xestión científica; caixas quirais (COHCx), espiranos quirais (DES), funcionalización de superficies con moléculas quirais (UCAs) e modelo predicativo de respostas quirópticas (MEC-Model). **Planificación XII/2016-IV/2017:** Continuación do MEC-Model, COHCs con DES e UCAs, con DES. Execución administrativa.
- **Proxecto Ramón y Cajal:** Informe intermedio realizado e entregado. **Planificación XII/2016-IV/2017:** Planatexamento de estratexia cara ao 2020.
- **Redes Excelencia:** Realizouse mantemento do sitio www.chiroptics.net. Coordinouse parte da conferencia Chiroptics 2017, realizouse contrato laboral de RPC para o inicio do 2017 preciso para a xestión científico-administrativa do conferencia Chiroptics 2017. **Planificación XII/2016-IV/2017:** Preparación e entrega do informe intermedio, plantexamento estratexia na rede para a súa discusión durante a conferencia Chiroptics 2017. Búsqueda de posibles financiación para a rede.
- **Conferencia internacional Chiroptics 2017:** Adaptouse o sitio www.chiroptics.net para a difusión da conferencia. Realizouse busca de financiación (financiado 200 €/PhD asistente pola DFG). Realizáronse contactos para atraer a participantes dentro e fora da rede (polo de agora a cerca de 30 persoas xa confirmaron asistencia). Solicitouse un vídeo promoción que se está a negociar. **Planificación XII/2016-IV/2017:** búsqueda de máis participantes. Busca de máis financiación (NanoMatMol). Xestión administrativa.

- **Teses doutorais en fase de redacción:** Tese de Sandra Míguez Lago entregada, data de exame 20 Decembro 2016. Tese Silvia Castro Fernández en período de preparación, perfilouse a estratexia de presentación de resultados. **Planificación XII/2016-IV/2017:** corrección presentación tese Sandra ML e corrección final tese Silvia CF e guía para preparación exame.
- **Nova tese doutoral con inicio en setembro do 2016:** Solicitouse e foi concedida a incorporación no programa de doutoramento do solicitante así coma de Raquel PC, investigadora do equipo de traballo do candidato. Ani Özçelik iniciou a súa tese doutoral dentro do equipo de traballo. O proxecto deseñado para a súa tese é parte do proxecto financiado pola Xunta de Galicia e que durará o mesmo que a tese de AO. Realizáronse comunicacións regulares por correo electrónico e videoconferencia para o seguimento da doutoranda. **Planificación XII/2016-IV/2017:** seguimento vía videoconferencias ata o 3 de xaneiro e despois reunións presenciais cada luns. Busca de máis financiación.
- **Proxectos Traballo Fin de Grado:** Foron presentados na Facultade de Químicas gracias ao que se captou o estudante Tim van den Nobelen. Realizáronse dúas sesións introdutorias da investigación do equipo de traballo vía videoconferencia. Realizouse seguimento regular por correo electrónico e videoconferencia. **Planificación XII/2016-IV/2017:** Corrección traballo fin de grado e guía para o exame previsto para xaneiro de 2017.
- **Equipo de investigación:** coordinouse o equipo de traballo mediante o emprego de correo electrónico, así como videoconferencias regulares. Mantemento da web do grupo realizada. **Planificación XII/2016-IV/2017:** coordinación mediante reunións presenciais cada luns. Mantemento da web.
- **Manuscrito Covalent Organic Helical Cages:** coordinouse o manuscrito, e presentouse a EJOC, sendo aceptado, ademais foi concedido un videoabstract gratuíto. **Planificación XII/2016-IV/2017:** se está xestionando unha portada de forma gratuíta.
- **Manuscrito Spiromacrocycles:** coordinouse a estratexia do manuscrito, recompiláronse os datos das colaboracións de NYIT (Estado Unidos) e CSU (China). Replantexouse a estratexia inicial para dar un maior impacto. Este traballo constitúe un dos capítulos da tese de doutoramento de Silvia CF **Planificación XII/2016-IV/2017:** finalización do manuscrito e presentación en revista científica.
- **Manuscrito MEC-Model:** coordinouse o plantexamento e preparación do capítulo correspondente da tese de doutoramento de Silvia CF. **Planificación XII/2016-IV/2017:** Finalización do capítulo correspondente e plantexamento da estratexia para a súa publicación. Plantexarase a posibilidade de extensión do traballo antes da súa publicación para o incremento do seu impacto.
- **Manuscrito UCAs, Planificación XII/2016-IV/2017:** Recolleranse os resultados das distintas colaboracións con respecto á funcionalización de superficies con moléculas quirais e deseñarase a estratexia para a súa publicación.

solicito que:

se me permita a realización das miñas funcións de forma remota de martes a venres a partir do 4 de xaneiro do 2017 ata o 15 de Abril do 2017 para facilitar a conciliación familiar.

José Lorenzo Alonso Gómez XII-2016